



NOTA DE PRENSA

González Santín denuncia no Pleno do Parlamento a situación de abandono dos residentes de As Gándaras

Presentou distintas preguntas na Cámara galega, co fin de que o Partido Popular dea as explicacións oportunas sobre as condicións inadmisibles nas que están a vivir os maiores nun centro que está financiado con fondos públicos

Esta situación foi revelada polo propio Comité de Empresa, quen deu a alarma denunciando a desatención de 26 maiores dunha das plantas do centro

Os Socialistas formuláronlle á Xunta de Galicia, e máis concretamente á Consellería de Traballo e Benestar, sobre a situación actual na que se atopan os residentes da residencia das Gándaras e que actuacións ten previsto emprender para mellorar a calidade asistencial e de vida destas persoas

Os problemas de insuficiencia de persoal e medios foron recoñecidos pola propia conselleira, Beatriz Mato, e están a provocar un deterioro enorme na calidade de atención aos usuarios.

González Santín explicou que falta de persoal fai que “os maiores da segunda planta sexan atendidos, a diferenza das outras nas que hai 12 auxiliares, por unha única auxiliar, pero polas tarde, noites e fins de semana, non teñen persoal asignado para o seu coidado, e son os traballadores doutras plantas os que asumen estas tarefas”. E engadiu, que “a Consellería aportou a 5 auxiliares máis, pero non é máis que un parche, unha situación provisional que non sabemos canto vai durar”

LUGO, 11 DE MARZO DE 2015.- O deputado autonómico –Juan Carlos González Santín-, denunciou esta tarde ante o Pleno do Parlamento a alarmante situación de abandono na que se atopan os residentes do centro de maiores das Gándaras de Lugo. Santín criticou “a falta clara de coidados que sofren estes maiores e que produce unha situación de desatención preocupante”. Por iso, solicitou ao Goberno galego unha explicación do “escandaloso abandono que están a sufrir os residentes de As Gándaras”. Situación que ven provocada por problemas de insuficiencia de persoal e medios recoñecidos pola propia conselleira, Beatriz Mato, e que están a ocasionar un deterioro enorme na calidade de atención aos usuarios”.

Segundo explicou Santín, esta situación foi revelada polo propio Comité de Empresa, quen deu a alarma denunciando a desatención de 26 maiores da segunda planta dun centro que está financiado con fondos públicos. De feito o deputado explicou que, segundo a denuncia dos propios facultativos, a clara falta de coidados desembocou na perda dalgún dos residentes con deterioro cognitivo, que incluso tiveron que ser recuperados pola policía, nalgúns casos dormen vestidos, sentados e incluso varios na mesma cama. A situación agrávase no caso das persoas dependentes que obteñen o mesmo trato que as catalogadas como válidas.

Por iso, os Socialistas formuláronlle á Xunta de Galicia, e máis concretamente á Consellería de Traballo e Benestar, preguntas sobre a situación actual na que se atopan os residentes das Gándaras

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

www.psoeprovincialdelugo.com

www.facebook.com/psoeprovinciallugo

www.twitter.com/PsoeLugo

NOTA DE PRENSA

e que actuacións ten previsto emprender para mellorar a calidade asistencial e de vida destas persoas. Ademais, pedíronlle ao goberno galego que explique por que ao pesar de terse comprometido a a solventar a situación que están a soportar os maiores no centro das Gándaras antes do fin do 2014 aínda non o fixo.

González Santín explicou que falta de persoal fai que “os maiores da segunda planta sexan atendidos, a diferenza das outras nas que hai 12 auxiliares, por unha única auxiliar, pero polas tarde, noites e fins de semana, non teñen persoal asignado para o seu coidado, e son os traballadores doutras plantas os que asumen estas tarefas”. E engadiu, que “a Consellería aportou a 5 auxiliares máis, pero non é máis que un parche, unha situación provisional que non sabemos canto vai durar”. A dotación de persoal, segundo explicou o deputado, non é suficiente, xa que estamos a falar de menos do 50% de persoal en comparativa co resto de plantas, o que supón un sobreesforzo dos traballadores do centro que son os que teñen que suplir a falta de xestión por parte da Consellería.

Neste senso, Santín afirmou que “hai un problema de persoal, xa que o de facer máis con menos é imposible”, e engadiu, que a conselleira ten un problema co artigo 19 do Estatuto de Traballadores relativo ao descanso do persoal da Xunta de Galicia que dependen da súa Área, debido a que hai moitos traballadores que están facendo xornadas de sete días consecutivos, están a facer máis do que se lles pode esixir”. Todo isto ven provocado por unha inadecuada xestión dos centros, non se dota de recursos aos centros e un exemplo desto é a residencia de maiores das Gándaras”. Neste senso o PSOE solicítalle á Conselleira que reforce o servizo nas tardes e nas fins de semana para que os profesionais doutras plantas non teñan que asumir tarefas que non lles corresponden.

Pésima xestión sociosanitaria

Para os socialistas esta é unha mostra máis da pésima xestión da política sociosanitaria en Lugo que se escapa de calquera protocolo sanitario. Unha vez máis, esta xestión “antiética” ven dada polas políticas de axustes e recortes dos gobernos do PP, que en lugar de tratar ás persoas como seres humanos os está a tratar en base a números e en base a facturas.